

Estimadas familias:

De novo este ano, desde a ANPA e en colaboración co Colexio, imos pór en marcha un **Banco de Libros de Texto para Primaria, ESO e Bacharelato** que foi concibido como un sistema de reutilización similar ao roupeiro, e que como sabedes xa funcionou con éxito o ano pasado.

Este banco de libros é independente da obriga de devolución dos libros adquiridos cos vales de axuda da Xunta de Galicia.

As familias que doen os libros de texto non recibirán ningunha contra prestación, salvo o agradecemento de toda a comunidade educativa. Unicamente se recollerán os libros que é posible reutilizar, polo que achegamos o listado dos libros válidos para o curso 2015/16.

As solicitudes dos libros de texto que se precisen durante o curso 2015/16 realizaranse por escrito e de forma presencial. No caso da ESO e Bacharelato, é imprescindible achegar o listado completo dos libros solicitados, debido ás distintas optativas e itinerarios.

A atención ás solicitudes dos libros farase por estrita orde de presentación destas no Centro Loyola e adxudicaráselle a cada unha un número de rexistro, segundo a orde de entrada, na que terán preferencia os socios da ANPA, en caso de non chegar os libros para tódalas familias.

Os impresos de solicitude achéganse con este documento.

#### Horario do banco de libros:

- Días 22, 23, 24, 25 e 26 de xuño de 9:30 a 11 horas e de 16 a 17 horas para recollida de solicitudes e recepción de libros doados **altruistamente**. Pregámosvos que os libros veñan agrupados por cursos e en bolsas que logo reutilizaremos para entregarlles os lotes ás familias.
- Na tarde do día 26, publicaranse no blog da ANPA os números de rexistro dos lotes de libros que se poidan recoller.
- Posteriormente, os días 29 e 30 de xuño de 9:30 a 11 horas e de 16 a 17 horas, entregaráselles os libros solicitados ás familias.
- En setembro, abrirase de novo o prazo para ESO e Bacharelato, os días 10 e 14 de 9 a 10 horas e de 16 a 17 horas

Lamentablemente non podemos garantir a entrega de todos os libros solicitados, xa que iso depende do número de doazóns que recibamos, polo que vos ANIMAMOS A TODOS A PARTICIPAR.

Por último, pedimos a vosa imprescindible colaboración para a realización deste traballo, todas as mans serán poucas. Todos os que poidades dedicar algo de tempo ao banco de libros, por favor, poñédevos en contacto con [anpa@colegioapostol.com](mailto:anpa@colegioapostol.com), comunicándonos a vosa dispoñibilidade de horarios.

Agradecemos de antemán a vosa colaboración e comprensión cos posibles erros que se cometan neste proxecto que abordamos para beneficio de todos.

Recibide un cordial saúdo,

Vanesa Villa  
Presidenta do ANPA

María Alonso  
Directora do Colexio